

GAETANO CARLO CHELLI

A herdanza Ferramonti

Traducido por Isabel Soto



Hugin e Munin

I

Dende a praza Ponte até Campo di Fiori, o patrón Gregorio Ferramonti gozaba da notoriedade e a consideración dun home ao que se ten por case millonario. Fixera fortuna polos seus propios medios. Os máis vellos aínda o recordaban como repartidor de pan de Toto Setoli, un forneiro do Pellegrino que o recollera por caridade. Tempo despois, de repartidor pasara a mozo de mostrador, e máis tarde marchara para abrir unha tenda ruín xusto en fronte da do seu antigo patrón. Roubáralle a clientela, logo de lle roubar os cartos para facerlle semellante andruviada. E a partir dese intre, como adoita dicirse, o seu barco navegara en popa.

Con todo, rexoubábanse historias horribles: a creba de Toto Setoli, decorridos dous anos de habelenciosa competencia por parte do seu antigo empregado, e como adoeecera de dor e carraxe. Denantes de ir para a pataqueira, vira como Ferramonti deixaba a tendiña de en fronte para rexentar, en calidade de dono, aquela onde traballara de repartidor. Aquilo fora o golpe de graza. Setoli finara botándolle a Ferramonti unha carrada de maldicións e agoirándolle que, se existía a xustiza divina, no novo negocio había atopar o seu castigo.

Gregorio esmendrellárase de risa. A mudanza outorgáballe a admiración do mundo. Reabría a tenda, que renovara cun mobiliario de madeira clara e a revocadura en cor celeste das paredes: un luxo! Atraía máis clientela colocando á fronte do despacho a súa muller, algo maior ca el, pero xeitosa, cacarela, atractiva e arteira. Outra das súas argalladas. A muller, viúva do criado dun monseñor, proporcionáralle a Ferramonti un capital de orixe misteriosa, ademais de darlle un fillo pasados sete meses escasos do casoiro. E aínda que os goleóns e maledicentes non deixaban de botar a lingua a pacer, o panadeiro tiña ben máis no que barrenar! Chovíanlle as recomendacións e lanzouse á grande industria, abastecendo seminarios, conventos, internados e cuarteis. Durante anos e anos, a tafona Ferramonti tivo unha cantidade de traballo impresionante, sen perder nunca a modesta aparencia de establecemento aberto no corazón dun barrio popular.

Así a todo, pouco despois de 1870, sen que nos motivos da súa resolución entrase o desexo de descanso dun comerciante enriquecido, o patrón Gregorio desfixose do forno, non sen se asegurar un proveitoso trato. Viúvo e aínda moi arrufado, acometérao o anoxo por unha empresa destinada a morrer con el. Algunhas das fantasías que alimentara outrora fóranse disipando paseniño: a esperanza de ver os fillos sucedelo no negocio; o aumento ilimitado da riqueza familiar; a fundación dunha dinastía de panadeiros Ferramonti que fixese e desfixese segundo o seu capricho na denominada «arte branca» da praza. Os envexosos burlábanse, pensando que o castigo co que o ameazara Toto Setoli golpeaba a Gregorio xusto por esa parte.

En realidade, era un pai moi desgraciado. Mario, o primoxénito, consentido pola nai, posuía todos os trazos

